



Resolución do 3 de xullo de 2023, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, pola que se abre prazo para solicitar a realización de xornada complementaria no ámbito da enfermaría hospitalaria

En base á apartado VI da Orde do 29 de xuño de 2023, pola que se publica o Acordo do Consello da Xunta, polo que se aproban melloras retributivas e de traballo do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, con base no Acordo da Mesa sectorial do 20 de abril de 2023 (DOG nº 124, do 30 de xuño), actualízanse as contías que terán efectos o 1 de xullo de 2023 e 1 de xaneiro de 2024, que se recollen a continuación, para o persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista que realice xornada complementaria:

RETRIBUCIÓN S ACTUALIZADAS ACORDO 20/04/2023							
Quenda mañá-tarde (7 horas)				Quenda de noite (10 horas)			
Laborable		Festivo*		Laborable		Noite de sábado e pre-festiva*	
01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024	01/07/2023	01/01/2024
150,22	155,89	227,15	252,63	260,90	270,70	291,53	308,31

Así mesmo, ante a indispoñibilidade de profesionais nas listaxes de chamamentos temporais, retribuirase unha contía adicional de complemento de produtividade variable de 1.365€, polo compromiso e realización de, polo menos, 105 horas de xornada complementaria durante o período de duración do programa, do 1 de xullo de 2023 ata o 31 de xaneiro de 2024, para dar cobertura ás necesidades asistenciais.

Con base no anterior, e no uso das atribucións conferidas polo Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia e na Orde do 22 de abril de 2020, de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

RESOLVO:

Primeiro: Realizar unha oferta de voluntariedade para persoal enfermeiro/a e enfermeiro/a especialista hospitalario/a que manifeste a súa voluntariedade para a realización de xornada complementaria nos



centros hospitalarios da Área Sanitaria da Coruña e Cee (Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e Hospital Público de Cee).

A presente oferta realízase sen prexuízo de posteriores desenvolvementos que se poidan producir.

Segundo: A inscrición realizarase mediante a cumprimentación do formulario que se habilitará na páxina web do Espazo do Profesional, o cal deberá ser cumprimentado telematicamente, polas persoas interesadas na participación no programa especial de voluntariedade para a realización de xornada complementaria.

O prazo de inscrición será de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional.

Contra a presente resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes a contar dende o seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web do Espazo do Profesional, de conformidade co disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado dixitalmente na Coruña,

Luis Verde Remeseiro

Xerente

